



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e un de setembro do ano dous mil dezaoto, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Pablo Pérez Pérez, dona Ana María Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste o deputado provincial e vicepresidente 2º don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2018.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día catorce de setembro de dous mil dezaoto, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA INTEGRAL NA QU-1006 VILARDEVÓS-VILARELLO DA COTA, N.º 121/POS/2018, EN VILARDEVÓS.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1. Resolve-las alegacións formuladas por unha das propietarias das parcelas números 8 e 9 do expediente expropiatorio, Dª. Pascua Luis González, estimándoas parcialmente, baseándose no informe emitido polo xefe da Sección de Supervisión de Obras e Proxectos, o cal sinala que, en canto ás cuestións técnicas relativas á execución da obra expostas pola propietaria, tiveron que formularse no período de exposición pública do proxecto da obra, o cal se fixo mediante anuncio publicado no BOP do 17 de abril de 2018, xa que na información pública do expediente expropiatorio o que se pode alegar é o relativo ós bens afectados, non ás características técnicas da obra, polo que se desestima a alegación. Tampouco se estima a alegación relativa á valoración dos bens afectados, a cal se exporá na peza separada de prezo xusto, a cal, ó utilizarse o procedemento de urxencia, se fará despois da "urxente ocupación" e pago dos "depósitos previos". En canto ós bens afectados, estímase a alegación, modificándose a relación de bens afectados, quedando da seguinte maneira:

- a. Superficie de terreo afectada: 165,02 m² de prado.
- b. Árbores afectadas:
 1. 2 chopos de 10 cm de diámetro.
 2. 3 chopos de 10 cm de diámetro.
 3. 4 salgueiros de 50 cm de diámetro.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

4. 2 salgueiros de 10 cm de diámetro.
5. 2 salgueiros de 20 cm de diámetro.

c. 1 poste de pedra.

Tamén expón a propietaria unhas cuestións relativas a unha tapa de rede de sumidoiros existente na estrada dende hai uns 40 anos, o cal non é unha cuestión relativa á expropiación, senón ó servizo de conservación e mantemento da vía, polo que non é contestada no citado informe, e duns postes de transporte de electricidade localizados na parcela n.º 9, o cal tampouco é unha cuestión que lle competa contestar á Deputación de Ourense e que deberá a propietaria solucionar coa Cia. subministradora de enerxía e o propietario da parcela á que subministran enerxía.

2. Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

3. Acordar definitivamente a **NECESIDADE DE OCUPACION, CON CARÁCTER URGENTE**, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

N.º Exped.	Folha	Pape.	Ref. Catastral	Propietario	Cualificación	Dominio
1	109	36	32092A1090036	- ANTONIO AFONSO FERNANDEZ	PASTOS	135,87
2	109	208	32092A10900208	- EMERENCIANA LÓPEZ SALGADO	PRADOS	56,68
3	73	856	32092A07300856	- ANTONIO AFONSO FERNANDEZ	PRADOS	102,37
4	73	738	32092A07300738	- ISABEL LUIS ALVAREZ	MONTE BAIXO	24,99
5	73	751	32092A07300751	- MANUEL GARCIA ALVAREZ	PRADOS	219,45
6	73	859	32092A07300859	- DOLORES YÁÑEZ DELGADO	PRADOS	60,84
7	73	754	32092A07300754	- DOLORES YÁÑEZ DELGADO	PRADOS	16,41
8	73	858	32092A07300858	- ADELAIDA LUIS GONZALEZ - PASCUA LUIS GONZALEZ - AGUSTINA LUIS GONZALEZ - MARIA JOSE LUIS GONZALEZ	PRADOS	165,02
9	73	756	32092A07300756	- ADELAIDA LUIS GONZALEZ - PASCUA LUIS GONZALEZ - AGUSTINA LUIS GONZALEZ - MARIA JOSE LUIS GONZALEZ	PRADOS	225,50
10	109	24	32092A10900024	- FILOMENA NUÑEZ SALGUEIRO	PRADOS	89,49
11	73	864	32092A07300864	- FILOMENA NUÑEZ SALGUEIRO	PASTOS	45,69
12	109	23	32092A10900023	- GERARDO DIANTA ALVAREZ	PRADOS	63,38
13	73	763	32092A07300763	- MANUEL BARREIRA DELGADO	PRADOS	24,72
14	109	22	32092A10900022	- SERAFIN AGUSTINO DELGADO	PRADOS	5,77
15	111	449	32092A11100449	- FRANCISCO ALVAREZ SALGUEIRO	MONTE BAIXO	3,79
16	111	276	32092A11100276	- ANGEL ALVAREZ ALVAREZ - ISABEL LUIS ALVAREZ	MONTE BAIXO	3,39
17	111	277	32092A11100277	- AVELINO DELGADO DELGADO	PASTOS	1,51
18	73	737	32092A07300737	- ISABEL LUIS ALVAREZ	MATAGUEIRA	3,72
19	111	287	32092A11100287	- ISABEL LUIS ALVAREZ	MATAGUEIRA	5,75

Publicar e notificarles este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

3.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA INTEGRAL NA OU-1114 VILAR DE SANTOS-PONTELIÑARES, N.º 113/POS/2018, EN RAIPIZ DE VEIGA.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

1. Resolve-las alegacións formuladas pola propietaria das parcelas números 18, 25 e 27 do expediente expropiatorio, estimándoas parcialmente, baseándose no informe emitido polo xefe da sección de Supervisión de Obras e Proxectos, no sentido que se expón a continuación. Respecto da parcela n.º 18 alega a propietaria a existencia de dous carballos de diámetro maior a 60 cm, cuestión que é desestimada ó non verse afectados, se ben modifícase a superficie afectada, xa que inicialmente se afectaban 67,20 m² e, en realidade, os metros afectados son 35,26 m². En canto á parcela n.º 25, estimase a alegación da propietaria e inclúense 2 carballos de diámetro maior a 60 cm e 1 carballo de diámetro maior a 100 cm. En canto á parcela n.º 27 desestimase a alegación ó non verse afectados os 4 carballos que alega a propietaria.
2. Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.
3. Acordar definitivamente a NECESIDADE DE OCUPACION, CON CARÁCTER URGENTE, dos terreos e bens incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

Parcela	Prote.	Parc.	Ident. Catastral	Propietario	Calificación	Superficie	Tempor.
1	91	124	532068A09100124	- FRANCISCO OSTA LÓPEZ	LABRADIO	120,80	0,00
2	84	4	32068A08400004	- ISABEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	LABRADIO	172,00	0,00
3	91	143	32068A09100143	- HEREDEROS DE DOMINGA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	LABRADIO	99,97	0,00
4	91	129	32068A09100129	- HEREDEROS DE MANUEL FERNÁNDEZ BAIQA	LABRADIO	10,97	0,00
5	84	7	32068A08400007	- ISOLINA MUÑOZ FERNÁNDEZ	LABRADIO	82,50	0,00
7	84	8	32068A08400008	- PRIMITIVO JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ RAMOS - HEREDEROS DE MARÍA LUISA CASEIRO DOMÍNGUEZ - M DEL CARMEN DOMÍNGUEZ RAMOS - YOLANDA DOMÍNGUEZ RAMOS - ANA MARÍA DOMÍNGUEZ RAMOS	LABRADIO	97,27	0,00
8	84	9	32068A08400009	- HEREDEROS DE ANTONIO DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ	LABRADIO	72,05	0,00
9	91	137	32068A09100137	- SAÍNZ CURRAS SALGADO VECINOS DE RAÍREZ	PASTOS	41,41	0,00
10	84	10	32068A08400010	- HEREDEROS DE ELVIRA DOMÍNGUEZ RAMOS	LABRADIO	127,02	0,00
11	92	319	32068A09200319	- MANUELA DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ	LABRADIO	521,18	0,00
12	84	12	32068A08400012	- HEREDEROS DE JOSE POZO FERNÁNDEZ - JOSE LUIS POZO PRIETO	LABRADIO	113,09	0,00
13	83	1	32068A08300001	- MUGAOS RODRÍGUEZ MUÑOZ - HEREDEROS DE MARTINA RODRÍGUEZ MUÑOZ	LABRADIO	46,70	0,00
14	92	320	32068A09200320	- MANUELA ARAUJO ARIAS	LABRADIO	77,19	0,00
15	92	321	32068A09200321	- JOSE CONDE LÓPEZ	LABRADIO	240,26	0,00
16	92	323	32068A09200323	- HEREDEROS DE JOSE PELETEIRO PEDRAS	LABRADIO	233,62	0,00
17	83	247	32068A08300247	- SAÍNZ CURRAS SALGADO VECINOS DE RAÍREZ	PASTOS	62,63	0,00
18	92	324	32068A09200324	- CONCEPCIÓN ARAUJO ALVAREZ - JOSE MANUEL ARAUJO ALVAREZ	MATAGUEIRA	67,30	0,00
19	92	325	32068A09200325	- GENARO RIOS ALONSO	MATAGUEIRA	36,28	0,00
20	92	327	32068A09200327	- HEREDEROS DE MARINA MORALES COSTA	MATAGUEIRA	5,33	0,00



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

22	83	246	32068A08300246	- SANZA CURRAS SALGADOS VECINOS DE RAIUZ	PASTOS	141,50	0,00
23	83	14	32068A08300014	- CARMEN DOMÍNGUEZ CARNERO - ELVIRA DOMÍNGUEZ CARNERO - FRANCISCO DOMÍNGUEZ CARNERO	MATAGUEIRA	2,93	0,00
24	83	13	32068A08300013	- HEREDEROS DE ANTONIO ESTEVEZ RODRÍGUEZ	MATAGUEIRA	74,32	0,00
25	92	334	32068A09200334	- CONCEPCION ARAUJO ALVAREZ - JOSE MANUEL ARAUJO ALVAREZ	MATAGUEIRA	31,43	0,00
26	83	12	32068A08300012	- FRANCISCO CASARES	MATAGUEIRA	60,13	0,00
27	83	10	32068A08300010	- CONCEPCION ARAUJO ALVAREZ - JOSE MANUEL ARAUJO ALVAREZ	MATAGUEIRA	60,88	0,00
28	92	117	32068A09200117	- LUIS POZO FERNANDEZ - JOSE LUIS POZO PRIETO	MATAGUEIRA	56,79	0,00
29	83	9	32068A08300009	- GRACINDA FEMO GOMEZ	LABRADIO	197,23	0,00
30	92	150	32068A09200150	- HEREDEROS DE ANTONIO FERNANDEZ CASTRO	LABRADIO	154,62	0,00
31	92	385	32068A09200385	- SANZA CURRAS SALGADOS VECINOS DE RAIUZ	PASTOS	321,50	0,00
32	83	7	32068A08300007	- MARIA CASEIRO PEDRAS - HEREDEROS DE MERCEDES CASEIRO PEDRAS	MATAGUEIRA	160,65	0,00
34	501	1101	32091A50101101	- JOSE PEDRAS RODRIGUEZ	LABRADIO	257,78	0,00

Vilar de Santos

Proced.	Bol.	Pro.	Bol. Cat.	Propietario	Cualificación	Dominio	Tempor.
33	501	1117	32091A50101117	- ASUNCION CASEIRO PEDRAS	LABRADIO	129,47	0,00

Publicar e notificarlles este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

4.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 40/POS/2018, NO TERMO MUNICIPAL DE LAZA. - Á vista da solicitude formulada polo Concello de Laza, tendo en conta o informe favorable da técnica do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **adopta o seguinte acordo:**

Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018, no relativo ó Concello de Laza, incorporando ó plan principal -en substitución da obra denominada "Construción de almacén para centro social en Toro"- a obra denominada "Rehabilitación dos restos dunha edificación para velorio en Toro", co número 40/POS/2018, cun orzamento total de execución de 57.596,00 €, sendo a achega da Deputación de 48.000,00 € e a achega municipal de 9.596,00 €.

5.- RESOLUCIÓN DO RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR EUSTAQUIO BARBOSA FERNÁNDEZ, PRESIDENTE DO CLUB A PEROXA FC, CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21.08.2018, DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2018. - En data 28 de agosto de 2018, Eustaquio Barbosa Fernández, presidente do Club A Peroxa CF, presentou no Rexistro Xeral desta Deputación un recurso de reposición contra o acordo da Xunta de



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

Goberno, de data 21 de agosto de 2018, de resolución da convocatoria de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2018.

O recorrente fundamenta a presentación do recurso alegando que non se lle asignaron puntos no criterio relativo á categoría na que participa o club, solicitando, polo tanto, que lle sexan asignados os 20 puntos correspondentes neste apartado.

Unha vez revisado o expediente do recorrente pola comisión avaliadora, obsérvase que, efectivamente, por un erro material na transcripción dos datos da valoración, lle foron asignados 0 puntos no total do nivel de competición.

En consecuencia, procédese á emenda deste erro, asignándolle 20 puntos na categoría provincial, o que se traduce nun incremento de 560,00 euros sobre a subvención concedida.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **adopta** o seguinte acordo:

1º.- Estima-lo recurso potestativo de reposición interposto por Eustaquio Barbosa Fernández, presidente do Club A Peroxa CF, contra o acordo da Xunta de Goberno, de data 21 de agosto de 2018, de resolución da convocatoria de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2018, motivada tal estimación por un erro material na transcripción dos datos relativos á puntuación da categoría na que participa o club de referencia, e que figuran na correspondente táboa de valoración.

2º.- Concederlle ao recorrente o dereito ao incremento da subvención concedida na Xunta de Goberno do 21 de agosto de 2018, nunha contía de 560,00 euros.

6.- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR ALEJANDRO GARCÍA REBOLO, PRESIDENTE DO CLUB WATERPOLO PABELLÓN OURENSE.-

En data 27 de agosto de 2018, Alejandro García Reboló, presidente do Club Waterpolo Pabellón Ourense, presentou no Rexistro Xeral desta Deputación un recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno, de data 21 de agosto de 2018, de resolución da convocatoria de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2018.

A dita entidade excluíuse da valoración e, en consecuencia, foille denegada a subvención, "por non acreditar suficientemente na súa documentación o requisito previsto na letra d) do apartado primeiro da base segunda da convocatoria, que literalmente di: "Posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta", e no caso de disciplinas individuais, posuír un mínimo de dez licenzas federativas de deportistas de base en competición".

Neste senso, na Sección de Subvencións non constou, en ningún momento, a presentación do certificado do número de licenzas expedido pola federación galega da disciplina deportiva correspondente, acreditativo do número de licenzas federadas por categorías do club solicitante na temporada 2017/2018, así como do número de licenzas da modalidade deportiva na provincia de Ourense e no conxunto da comunidade autónoma na mesma temporada, segundo o modelo recollido no anexo VIII; en consecuencia e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, a solicitude presentada polo Club Waterpolo Pabellón Ourense foi excluída tal e como se indicou no parágrafo que antecede.

Con data 7 de xuño de 2018, esta entidade presentou alegacións ao trámite de audiencia, indicando que o dito certificado foi presentado en tempo e forma, achegando,



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

entre outra documentación, novo certificado de data 16 de maio de 2018. Neste caso, a Comisión de Valoración ratificouse na súa exclusión polos motivos arriba indicados.

O recorrente fundamenta a presentación do recurso alegando que *"por algún erro na recepción da documentación no rexistro este certificado non aparece anexo á solicitude da subvención"*, toda vez que no seu momento, non comprobaron que escanearan toda a documentación presentada no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial.

A este respecto e ante as dúbidas expostas no Rexistro Xeral sobre a posibilidade, efectivamente, da existencia dun erro no escaneo da documentación presentada, en tempo e forma, polo Club Waterpolo Pabellón Ourense, a Comisión de Valoración propón a aplicación do principio *"in dubio pro actione"*, e en consecuencia, resolver o dito recurso atendendo á interpretación máis favorable do dereito á acción, ao beneficio do interesado.

Baseándose en todo o anteriormente exposto, a Comisión de Valoración propón a estimación deste recurso potestativo de reposición polos motivos arriba indicados, e proceder á valoración do expediente é á asignación da correspondente subvención.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **adopta o seguinte acordo:**

1º.- Estimar o recurso potestativo de reposición interposto por Alejandro García Rebole, presidente do Club Waterpolo Pabellón Ourense, contra o acordo da Xunta de Goberno, de data 21 de agosto de 2018, de resolución da convocatoria de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2018, motivada tal estimación pola aplicación do principio *"in dubio pro actione"*, ao non poder acreditar que o solicitante presentou fóra de prazo a documentación valorable correspondente.

2º.- Concederlle ao recorrente o dereito á percepción dunha axuda, por unha contía resultante da aplicación dos criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria por importe total de 3.924,22 euros, de conformidade coa baremación seguinte:

Estrutura club	Situación económica	Nivel competición	Incidencia social	TOTAL PUNTOS	Valor punto CATEGORÍA
					AUTONÓMICA
19,01 puntos	20,47 puntos	40,00 puntos	26,58 puntos	106,06 puntos	37,00 €

7.- APROBACIÓN DE PAGO ANTICIPADO DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BANDE.- Con data do 7 de setembro de 2018, por acordo da Xunta de Goberno concedéuselle ao Concello de Bande unha subvención nominativa, por importe de 21.900 euros, para a dirección de obras de acceso á igrexa de Santa Comba de Bande, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.16.

Con data 12 de setembro de 2018, o Concello de Bande presenta no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, un escrito no que solicita o anticipo do 100% do importe concedido para a dirección de obras de acceso á igrexa de Santa Comba de Bande.

O artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense dispón que, se o beneficiario o solicita, se pode pagar o importe do anticipo solicitado, sempre que a entidade local beneficiaria da subvención, no momento do anticipo non teña débedas líquidas, vencidas e esixíbles pendentes de pago coa Deputación, por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

De acordo co anteriormente exposto e co informe da Intervención desta Deputación Provincial, do día 19 de setembro de 2018, no que se informa que o Concello de Bande non ten débedas con esta Deputación, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar o pago anticipado, por importe de 21.900 euros, ao Concello de Bande, para a dirección de obras de acceso á igrexa de Santa Comba de Bande.

O Concello de Bande deberá presentar a xustificación do gasto subvencionado, segundo o establecido no acordo de concesión.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN ANDRÉS.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 334.20/489.30, a cantidade de 5.000 euros a favor da Asociación de Veciños de San Andrés, para actos de celebración dos 100 anos de Vilavidal de Ramirás.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación de Veciños de San Andrés, nos seguintes termos:

-Importe: 5.000,00 €.

-Obxecto: actos de celebración dos 100 anos de Vilavidal de Ramirás.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á UNIVERSIDAD INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO.

No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 334.20/489.30, a cantidade de 18.000 euros a favor da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, para actividades da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nos seguintes termos:

-Importe: 18.000,00 €.

-Obxecto: actividades da entidade correspondentes ao ano 2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO.-

No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 100.000 euros a favor do Concello de Castrelo de Miño, para mellora e adecuación do campo de remos.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Castrelo de Miño, nos seguintes termos:

-Importe: 100.000 euros.

-Obxecto: mellora e adecuación do campo de remo.

Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018.

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PADRENDA.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 52.000 euros a favor do Concello de Padrenda, para obras de reparación da estrada de San Amaro a Lavandeira por mor dos danos ocasionados pola tormenta.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención ao Concello de Padrenda, nos seguintes termos:

-Importe: 52.000 euros.

-Obxecto: Obras de reparación de danos causados pola tormenta na estrada de San Amaro a Lavandeira.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acadou o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 21 de setembro de 2018

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018.

